

## INFORMACIÓN XERAL E REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DA TARXETA DE APARCAMENTO DE RESIDENTES

### RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO PARTICULAR

- Estar empadroado nalgún domicilio radicado dentro do ámbito territorial da zona para a que se solicita a tarxeta.
- Que o vehículo, segundo o Permiso de Circulación, sexa propiedade da persoa que solicita a tarxeta (excepto réxime de renting ou vehículo de empresa) e que o domicilio no que se paga o imposto estea no ámbito territorial da zona para a que se solicita a tarxeta.

### RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO PROFESIONAL

- Titulares de actividades mercantís e profesionais que teñan o seu local de negocio ou traballo na área afectada pola zona de regulación de aparcamento de residentes. No caso de tratarse de persoas xurídicas con dous ou máis vehículos en propiedade, soamente poderán obter un máximo de dous distintivos de residente en zona verde.
- No caso de traballadores por conta allea deberán desenvolver a actividade profesional na área afectada pola zona de regulación de aparcamento de residentes.

### DISTINTIVO DE RESIDENTES POR RAZÓN DE MUNICIPIO

- Estar empadroado nalgún domicilio radicado dentro do termo municipal do Concello de Santiago.
- Que o vehículo para o que solicita o distintivo, segundo o Permiso de Circulación, sexa propiedade da persoa que solicita a tarxeta e que vehículo estea dado de alta no padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica do Concello de Santiago e ao corrente no pago de imposto e que o domicilio no que se paga o imposto coincida co domicilio do interesado (excepto réxime de renting ou vehículo de empresa).

Soamente poderá dispoñerse dun distintivo de residente por vehículo, sendo incompatibles os distintivos de residente por razón de domicilio, sexa particular ou profesional, co distintivo de residente por razón de municipio.

### SOLICITUDE DE 2ª E 3ª TARXETA

Poderanse conceder ata un máximo de **3 TARXETAS** de residentes para un mesmo domicilio ou a un mesmo titular para un segundo ou terceiro vehículo, cando o condutor deste sexa o seu cónxuxe, parella de feito debidamente inscrita en Rexistro de Parellas de Feito ou descendente consanguíneo en liña recta en primeiro (pais, fillos) ou segundo grado (irmáns) do titular, sempre que estean empadroados no mesmo domicilio. Neste suposto deberán presentar a maiores da documentación dos apartados anteriores, segundo proceda:

- Libro ou Libros de Familia exhibíndose o seu orixinal para o cotexo ou certificado de inscrición no rexistro de parellas de feito. - Póliza do seguro na que apareza como condutor do vehículo.
- DNI do condutor.

### DUPLICADO DE TARXETA

- Solicitud en impreso oficial.
- Pago do duplicado ( 5 €). Efectuarase no momento da recollida da tarxeta.

A tarxeta (pegatina) deberá recollela na empresa prestadora do servizo (TUSSA) situada na rúa Clara Campoamor, s/n (Estación Intermodal). Teléfono: 981 568 106

O Concello de Santiago poderá realizar as comprobacións que considere necesarias, especialmente, que o solicitante e o vehículo para o que solicita o distintivo non teña pendentes sancións de tráfico impostas por resolución firme e, esixir ao interesado que acredite calquera dos requisitos indicados e solicitar a achega dos orixinais dos documentos presentados.

**O uso indebido do distintivo de aparcamento faculta ao Concello de Santiago á retirada do mesmo, e a denegar a súa renovación por un período de ata 3 anos, sen prexuízo das sancións que puideran corresponder.**

Os titulares están obrigados a comunicar , no prazo de 15 días, ao Concello calquera modificación nos datos que determinaron a concesión do distintivo e proceder á devolución do mesmo cando proceda.